

# EPICURO


Epicuro (341 a. C. - 270 a. C.), coñecido tamén como Epicuro de Samos, foi un filósofo grego na era helenística coñecido por fundar a escola “O Xardín” na que se aceptaban mulleres, prostitutas e escravos. Epicuro opoñíase aos platónicos e foi un atomista, seguindo os pasos de Demócrito. Tamén foi un hedonista, pero cría que o maior ben consistía en buscar un pracer modesto e sostible. Dedicouse a ensinar a alcanzar a felicidade de forma simple, prudente e tranquila. Os seus principais ideais eran:

- ★ O pracer é o ben supremo, pero debe ser medido.
- ★ A morte non debe de temerse, porque non a experimentamos.
- ★ Os deuses existen, pero non se ocupan dos humanos.
- ★ O Universo está feito de átomos e de vacío, sen intervención divina.

## OBRAS

Epicuro escribiu 300 obras pero case todas foron perdidas e só se conservan fragmentos dalgunhas. Un dos principais motivos da perda destas obras era debido á hostilidade doutros pensadores e correntes filosóficas, como o neoplatonismo ou o cristianismo, que vían as ideas de Epicuro como perigosas. As súas obras conservadas máis famosas son:

- ★ “Carta a Meneceo”: O filósofo trata os temas centrais da súa filosofía en canto á ética e á metafísica: a busca da felicidade, o medo á morte, a natureza dos deuses e a clasificación dos praceres.
- ★ “Máximas Capitais”: Reúnense a principais doutrinas de filosofía epicúrea. Máis da metade destas corenta doutrinas son contrarias ao platonismo.
- ★ “Carta a Heródoto”: Epicuro diríxese ao seu discípulo, Heródoto. Nesta carta fai un resumo dos seus pensamentos sobre a física inspirada na teoría atómica de Demócrito, é dicir, é atomista.
- ★ “Carta a Pítocles”: Pítocles pediulle a Epicuro que lle resumira a súa doutrina sobre os fenómenos celestes e meteorolóxicos.



## APORTACIÓNS Á FILOSOFÍA

A filosofía de Epicuro foi sempre moi criticada do mesmo feito que a escola que este fundara. Fai relativamente pouco tempo que se lle comeza a dar o valor que merece.

Según epicuro existen dous factores que determinan a nosa felicidade: a dor e o pracer. Con isto chegou á conclusión de que para chegar a unha vida plena axudaría acumular todo o pracer posible e eliminar a dor, sendo máis importe esta segunda idea, dicindo que o máis relevante para unha boa vida era erradicar a dor.

Tamén desenvolveu a “teoría do coñecemento”, que determina que a base dos nosos coñecementos son as sensacións. A dor e o pracer en base de repetición xeran o que epicuro chama “ideas xerais” que serán os principios nos que nos baseamos para comezar a actuar fronte a realidade que nos rodea.

Por último, o filósofo cree que os deuses poden existir, mais estes non recaen nin interveñen na vida dos homes mortais. Por iso cree que o mellor é que fagamos o mesmo e vivamos sen preocuparnos por eles.